



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE DE FOZ Nº1

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro de E. Infantil e E. Primaria CEIP Plurilingüe de Foz Nº1.

Salvador de Madariaga, S/N, C.P. 27780, Foz, Lugo

www.ceip.numero1.foz@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1foz

Plantilla do centro: 16 mestres con destino definitivo, 2 mestres sustitutos

Alumnos: 162

Mestres: 18

E.I.: 4

E.P.: 7

Especialistas: P.T, Inglés, E física, E. musical : 1 de cada

Orientador, A.L, Relixión : compartidos.

Auxiliar de conversa.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Foz ten unha poboación de uns dez mil habitantes e existen 4 centros de educación infantil e primaria, no núcleo urbano e un centro fóra. Dous deles son concertados.

A poboación está empregada fundamentalmente no sector servizos, empregados na factoría Alcoa e auxiliares, pescadores de baixura, comercio en pequena escala, empregados no hospital, funcionariado.

O nivel socioeconómico das familias é medio, baixo no que se refire á poboación inmigrante que acolleemos, fundamentalmente de orixe marroquí e dominicano.

- O Plan Dixital vértase en relación cos outros proxectos dixitais e tecnolóxicos que temos no centro (biblioteca creativa, Espazo Maker, Radio Escolar, Digicraft, Erasmus) incardinados nun proxecto transversal que ten o seu eixe na biblioteca do centro que é o motor sobre o que pivotan a maioría dos proxectos.
- O centro xa contaba cun documento de Proxecto de Educación Dixital cuxos obxectivos son agora actualizados e renovados e se recollen na PXA .

1.3. Breve xustificación do mesmo

[Recomendacións para este apartado] Indicar moi brevemente a contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do Plan Dixital esta integrado polo:

- coordinador das TIC
- coordinador E-dixgal
- coordinador do plan dixital
- xefatura de estudos

Son os encargados da elaboración, implementación e revisión do Plan. Disporán de unha sesión semanal de coordinación para levar a cabo estas tarefas. Ademais concretarase unha hora fóra do horario lectivo no horario de coordinación das tardes dos luns unha vez ao mes para a coordinación cos outros equipos do centro que traballan proxectos tecnolóxicos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro está inmerso en varios proxectos, algunhos deles dixitais e tecnolóxicos como E-dixgal, Espazo Maker, Radio Escolar, Digicraft.

As aulas E-dixgal están dotadas co equipamento necesario. As aulas de infantil dispoñen todas de PDI e o centro acaba de subministrarlles a dúas delas equipamento informático novo co diñeiro de gastos de funcionamento do centro.

En todas as aulas colocáronse altofalantes integrados tamén a cargo de gastos de funcionamento. A unidade técnica instalou recentemente cableado e puntos de acceso wifi nalgunhas partes do colexio aínda que hai outras sen este servizo.

O centro acaba de adquirir unha nova fotocopiadora a cor.

As aulas de 1º, 2º, 3º, e 4º non dispoñen de pizarra dixital e dispoñen de equipos informáticos que en breve será preciso renovar.

A aula TIC está completamente abandonada. Aínda que dispón de mobiliario e de conexións, non hai un só equipo aproveitible, están completamente obsoletos e necesitan recambio si queremos que o profesorado volva a acudir cos alumnos a elas e ter un recurso importante no centro.

Tamén sería desexable un par de equipos informáticos para a biblioteca que funciona como biblioteca creativa, onde está o material de robótica e de Digicraft e onde está tamén a impresora 3D que o centro adquiriu recentemente.

Na planta baixa contamos cun local de radio tamén de recente formación e ben equipado.

O centro dende hai máis de unha década e a través da biblioteca como fío condutor foise sumando a novos proxectos que foron plantexándose dende a administración e previsiblemente iniciáronos tamén no programa de polos creativos.

O profesorado en un número importante sumouse aos cursos de formación que se foron realizando no propio centro cos PFPP e tamén fóra del tamén neste eido dos desafíos tecnolóxicos.

A páxina web do centro está activa e actualizada, o alumnado dende 1º de primaria está matriculado na aula virtual e traballamos coas ferramentas corporativas para avisos e notificacións como Abalar. Necesitamos dotar de boa conexión de rede a planta baixa do edificio principal así como a segunda planta do edificio antigo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3.1 | | | | |
| | Profesorado | 3.6 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3.3 | | | | |
| | Profesorado | 3.3 | | | | |
| | Alumnado | 3.6 | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 3.3 | | | | |
| | Profesorado | 3.4 | | | | |
| | Alumnado | 4.0 | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4.2 | | | | |
| | Profesorado | 4.0 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 3.5 | | | | |
| | Profesorado | 3.7 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3.3 | | | | |
| | Profesorado | 3.3 | | | | |
| | Alumnado | 4.0 | | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3.2 | | | | |
| | Profesorado | 2.8 | | | | |
| | Alumnado | 3.4 | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3.7 | | | | |
| | Profesorado | 4.0 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 10 | 15 | 66.7 % |
| PROVISIONAL | - | - | - |
| INTERINO | 0 | 2 | 0 % |
| SUBSTITUTO | 2 | 4 | 50 % |
| DESPRAZADO | - | - | - |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 71.8 | integrador/a (B1) | 76.4 | integrador/a (B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| INF | 49 | explorador/a (A2) | 68.2 | integrador/a (B1) |
| PRIM | 74.3 | integrador/a (B1) | 77 | integrador/a (B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | 1 | 8,3 % |
| A2 | 5 | 41,7 % |
| B1 | 4 | 33,3 % |
| B2 | 2 | 16,7 % |
| C1 | - | - |
| C2 | - | - |
| TOTAL | 12 | 100 % |

2.3. Análise DAFO

Tras a realización do informe SELFIE e mailo TCDD, o centro foi quen de xerar unha análise DAFO, que serve de utilidade para a análise da situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital. A continuación preséntase unha táboa cos ítems incluídos en cada categoría.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ul style="list-style-type: none"> - Aceptable infraestrutura dixital da rede do Centro. - Posibilidade de acceso a internet practicamente en todas as zonas do centro. - Existencia de dispositivos dixitais portátiles en todas as aulas para o emprego no labor docente. - Dispositivos dixitais portátiles en 5º e 6º de primaria. - Espazos físicos suficientes para o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Emprego de servizos dixitais corporativos na difusión da información. | <ul style="list-style-type: none"> - Equipos propiedade do centro antigos e obsoletos. - Asistencia técnica por parte da Consellería insuficiente. - Inexistencia de aula de novas tecnoloxías por ausencia de equipos que o alumnado poda empregar. - Carencia de conexión á rede na terceira planta do edificio de infantil e primeiro ciclo e na planta baixa do edificio principal. |
| | PERSONAL DOCENTE | <ul style="list-style-type: none"> - Ampla participación dos docentes en proxectos de desenvolvemento profesional continuo. - O mestre emprega as tecnoloxías na busca de recursos dixitais en internet para reforzar a labor do ensino. - Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado. - Emprego de aplicacións dixitais por parte do profesorado como método de memoria de experiencias de aula. - Maior experiencia dos docentes no uso de contornas dixitais. | <ul style="list-style-type: none"> - Insuficiente coñecemento sobre dereitos de autor e licenzas de uso nos recursos dixitais en internet. - Insuficiente emprego das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades e coñecementos dos alumnos. - Falta de reflexión e retroalimentación coas tecnoloxías para avaliar ao alumnado. - Diferencias notables no nivel de competencia dixital dun sector de profesorado. |

| | | |
|----------------------------|---|---|
| | | - Insuficiente coñecemento das ferramentas de software libre no ámbito educativo. |
| PERSOAL NON DOCENTE | - Experiencia positiva auxiliares de conversa - Auxiliares de conversa con boas destrezas tecnolóxicas. | Persoal de conserxería carente de habilidades e capacidades en tecnoloxías dixitais. |
| ALUMNADO | - O Equipo Directivo e profesorado fomenta o desenvolvemento de habilidades dixitais nas diferentes materias do currículo. - Aceptable experiencia no uso de plataformas educativas e outros recursos dixitais. - Emprego das tecnoloxías dixitais para o traballo en grupo do alumnado e para a comunicación entre eles. - Satisfacción coas tecnoloxías dixitais como vehículo de participación e motivación do alumnado. - Promoción do desenvolvemento persoal e de habilidades dixitais. | - Insuficiente formación para a comprobación de informacións fiables e precisas en internet. - Escasa valoración polos traballos de outras persoas atopados en internet. - Inexistente formación na creación de contidos dixitais usando as novas tecnoloxías. - Escasa verificación da calidade da información atopada en internet polo alumnado. - Descoñecemento de dereitos de autor e licenzas de uso sobre recursos dixitais. |
| FAMILIAS | - Satisfaccións coas notificacións e comunicacións a través de Abalar e outras ferramentas corporativas. | - Falta de formación nun sector importante das familias en destrezas e competencias dixitais. |

| | | |
|--------------------------------------|--|--|
| <p>OFERTA</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Formación e promoción nas tecnoloxías dixitais para os docentes. - Incremento nos programas de innovación educativa. - Existencia de abundantes materiais dixitais en internet. | <ul style="list-style-type: none"> - Non existe estratexia dixital para o centro. - Insuficiente información para o traballo coa aprendizaxe mixta. - Recursos financeiros insuficientes para a dotación da aula TIC con equipos dixitais. - Actividades formativas non sempre axustadas ás necesidades do centro. |
| <p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Apoio ao profesorado para que probe novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. - Apoio aos docentes na adquisición de competencias e destrezas no uso das novas tecnoloxías. - Acceso ao desenvolvemento profesional continuo no centro. - Adopción rápida de novidades dixitais por parte do Equipo Directivo. | <ul style="list-style-type: none"> - Falta de tempo para que os docentes exploren novas modalidades de ensino no ámbito dixital. - Insuficiente cultura de traballo colaborativo en rede entre profesorado ou con outros centros. - Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <ul style="list-style-type: none"> - Continuidade na promoción de actividades formativas. -Achegas económicas que recibe o centro polos programas nos que participa. - Participación en proxectos comúns de centro. | <ul style="list-style-type: none"> - Continuos cambios e improvisacións por parte da administracións en proxectos. |
| | LEXISLACIÓN | | <ul style="list-style-type: none"> - Continuos cambios normativos e excesiva burocracia. |
| | CONTORNA | <ul style="list-style-type: none"> - Potenciar as relacións con outras institucións educativas. - Coñecer realidades educativas fóra do noso país. | <ul style="list-style-type: none"> - Imposibilidade de mellorar a calidade de comedor. - Falta de profesorado para a atención a alumnado de necesidades específicas de apoio educativo. |
| | ANPA | <ul style="list-style-type: none"> - Relación estreita e positiva coa ANPA do centro. - Participación das familias na vida do centro. | <ul style="list-style-type: none"> - Baixa competencia dixital dalgunhas familias. - Dificultades para o acceso a internet e recursos dixitais dun sector das familias. |
| | | | |

3. Plan de Acción

A continuación móstrase unha secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO.

Establécense áreas prioritarias e determínase os obxectivos, específicos medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, que queremos conseguir.

Todos os obxectivos veñen contextualizados nas áreas de mellora, relacionadas coas áreas das Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes.

Concretamos ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Desta forma, a información repórtana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Tamén determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, elixindo os responsables das mesmas, e acordando unha temporalización e determinación dos recursos necesarios.

Cada obxectivo ven cumprimentada nunha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No noso centro foron realizadas recentemente accións de mellora no ámbito de infraestruturas, pero a recente remodelación do colexio deixou zonas do mesmo con carencias de conexións cableadas ou de wifi e de electrónica de rede que nos gustaría subsanar pois son lugares do centro onde tamén se desenvolven agora tarefas coas tecnoloxías como a aula de inglés, ou de plástica así como o local de radio, polo que consideramos lóxica e necesaria a cobertura tecnolóxica destes lugares.

Aparte disto temos un armario RAC colgado do teito de Secretaría que pensamos que é obriga da unidade técnica colocar no seu lugar que xa estaba previsto e que ían a levar a cabo ata que nos dixeron que non había cartos e que nos ocuparamos nós dese gasto. Non o consideramos aceptable nin lóxico máis tendo en conta que houbo centros onde se fixo isto e os gastos non correron a cargo do centro. No centro non imos facernos responsables disto cando dende un principio se nos dixo que non correría a cargo noso a realización deste arranxo.

É innegociable a necesidade de dotar a aula de informática con equipamento (ordenadores) si se quere dar algunha funcionalidade a este espazo tan importante na vida dun centro e cos equipos dos que dispoñemos actualmente, moi próximos ao inicio de século na súa vida, non se pode traballar e o profesorado por desesperación deixou de acudir a unha aula que era referencia con anterioridade. Por tanto necesitamos un número importante de equipos para poder desenvolver actividades co noso alumnado que nos cursos superiores está no proxecto E-dixgal e que están en proxectos de tecnoloxía importantes como bibliotecas creativas e outros xa comentados.

O centro realizou un desembolso importante cos gastos de funcionamento e coas partidas dos proxectos nos que estamos inmersos para dotar ao centro de melloras nos equipos do profesorado, adquiriuse unha nova fotocopiadora así como unha impresora 3D, fíxose un desembolso importante na creación da radio escolar e pensamos que se fixo unha boa xestión dos recursos, pero non podemos abarcar a adquisición destes equipos por nós sos polo que necesitamos contar coa axuda da administración, posto que novos equipos de aula terán que renovarse en breve e a biblioteca tamén precisa de novos equipos e os desafíos tecnolóxicos que veñen precisan de contar ademais de con profesorado implicado con recursos tecnolóxicos renovados.

Os servizos dixitais educativos corporativos están funcionando dun xeito aceptable polo que en este senso non se precisan recursos

| “Área/s de mellora”: C – Infraestruturas e equipamento | | | | | | | |
|--|---|-------------------|---|-----------------------|------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO: | Actualizar os equipos informáticos da aula TIC co fin de poder utilizala co alumnado. | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC e Equipo Directivo | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Número de equipos con posibilidades de aproveitamento na aula TIC do centro | | | | | | |
| Valor de partida | 0 de equipos informáticos actualizados. | | | | | | |
| Valor previsto e data | 10 equipos informáticos actualizados. | | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | | |
| AO1.1: Facer participe á administración educativa e á UAC e asesoría abalar da carencia de equipamento da aula de novas tecnoloxías. | Equipo Directivo | 30/06/2023 | 10 ordenadores novos, usados ou reconvertidos. Discos duros sólidos, módulos de memoria RAM. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO1.2: Solicitar a colaboración de organismos públicos e privados así como da ANPA para conseguir mellorar a dotación da aula. | Equipo Directivo Equipo TIC | 22/12/2022 | Información acerca de organismos empresas coas que se poda colaborar para acceder a posibilidades de mellora de equipamentos. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO1.3: Participar en Plans e Proxectos educativos que nos permitan conseguir fondos para a compra de equipos informat. | Equipo Directivo Profesorado do centro | 31/03/2023 | Profesorado do centro. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: C – Infraestruturas e equipamento | | | | | | |
|---|---|-------------------|---|----------------------|--------------------|--|
| 2. OBXECTIVO: | Acadar unha boa conectividade en todas as zonas educativas do centro. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC e Equipo Directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Porcentaxe de conexión a internet dispoñible nalgúns locais do centro con finalidade educativa. | | | | | |
| Valor de partida | 30% do edificio antigo e planta baixa do edificio principal con mala conexión de rede ou sen ela. | | | | | |
| Valor previsto e data | 100% de conexión de rede en todas as zonas do centro con finalidade educativa. | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRIPCIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO2.1: Solicitar a AMTEGA a provisión de recursos para asegurar infraestrutura de datos e de voz nas zonas do centro con escasa conexión ou sen ela. | Equipo Directivo | 30/06/2023 | Puntos de acceso Cableado Rosetas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2: Enviar planos dos locais onde se pretenden facer estas melloras. | Equipo TIC | 30/09/2022 | Planos dos locais do centro que se nos soliciten | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.3: Comprobar estado das aulas en canto a conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede. | Equipo TIC | 30/06/2023 | Persoal especializado para a comprobación inicial do estado tecnolóxico dos locais. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Áreas de mellora”: A - Liderazgo | | | | | | | |
|---|---|-------------------|---|-----------------------|------------------|--------------------|--|
| 3. OBXECTIVO: | Conseguir que os docentes coordinadores de proxectos nos ámbitos tecnolóxico e dixital do centro dispoñan de sesións en horario lectivo para poder coordinarse e implementar os programas nos que participa o centro educativo. | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo Directivo. Profesorado. | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Posibilidade de contar con disposición horaria para coordinación dos implicados en plans e proxectos de formación e tecnolóxicos e dixitais. | | | | | | |
| Valor de partida | Partimos de 3/4 sesións dispoñibles do profesorado que se necesitan para cubrir as gardas ou para apoios | | | | | | |
| Valor previsto e data | Precisamos obter unha sesión adicional ou 2 en algún caso para as coordinacións | | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | | |
| AO3.1: Solicitar a inspección educativa que profesorado especialista de apoio que comparte centro poda estar a tempo total no noso centro. | Dirección do centro | 30/06/2023 | Docente de A.L a tempo completo. Profesorado con perfiles de especialistas de apoio. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO3.2: Planificar coordinacións nas áreas tecnolóxicas e dixitais | Xefatura de estudos profesorado | 22/12/2022 | Espazos físicos no centro Materiais dixitais e tecnolóxicos | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO3.3: Desenvolver horarios axeitados entre o profesorado para cubrir gardas, apoios para ter coord. | Xefatura de estudos | 30/09/2022 | Profesorado para cubrir gardas e apoios. Sesións para coordinacións. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: H – Competencia dixital do alumnado | | | | | | | |
|---|--|-------------------|--|-----------------------|------------|--------------------|--|
| 4. OBXECTIVO: | Identificar e empregar ferramentas e estratexias para a detección de información pouco fiable en internet. | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Titores. | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Cantidade de noticias falsas ou pouco fiables que circulan pola rede. | | | | | | |
| Valor de partida | 0 noticias falsas ou pouco fiables que circulan pola rede identificadas. | | | | | | |
| Valor previsto e data | 8 noticias falsas ou pouco fiables que circulan pola rede identificadas | | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | | |
| AO4.1: Formar grupos na aula para a comprobación de informacións pouco fiables ou falsas. | Persoas titoras. | 22/12/2022 | Equipos informáticos Conexión á rede. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO4.2: Crear unha rúbrica para avaliar e verificar a información na rede. | Persoas titoras. | 31/03/2023 | Equipos informáticos Conexión á rede. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A04.3: Habilitar un rexistro de páxinas web que conteñan información pouco fiable, imprecisa ou falsa. | Persoas titoras. | 30/06/2023 | Equipos informáticos Conexión á rede. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Polo que respecta ao seguimento e avaliación do Plan Dixital hai que dicir que este será obxecto de revisión por parte do equipo encargado tamén da súa elaboración e implementación co fin de valorar a consecución dos obxectivos ou avaliar a vixencia das accións a desenvolver, datas previstas e recursos necesarios ou incluso a eliminación dalgún indicador por resultar inasumible ou a posibilidade de sumar outros que polas características do día a día se convertan en prioritarios.

Elaboraranse uns rexistros con items medibles e graduados para que trimestralmente dentro da avaliación de procesos podamos deixar rastro do estado de execución en que se atopan as accións (sin comezar, iniciado, en proceso ou concluído) e unha valoración do resultado final a dato de “valor previsto” cun resultado de satisfacción ou de decepción ou si houbo suxerencias de modificacións das accións que impliquen mellora na consecución dos fins.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

A final de curso e reunidos o Equipo coa Dirección do centro e tendo presentes as ferramentas e instrumentos de avaliación trimestral realizarase unha avaliación final onde se rexistrará a valoración dos logros previstos en función das necesidades e farase un informe obxectivo e unha autoavaliación sobre o funcionamento do equipo e das accións indicadas para ver si hai que dar uns prazos maiores, si están satisfactoriamente en proceso, si concluíron ou si nin sequera se iniciaron. Con toda esta información valorada entre todos os responsables saíran propostas de mellora que inclúan novos responsables, novos prazos unha previsión de recursos alternativa, eliminación de obxectivos ou cancelación temporal e a inclusión de novos que sexan máis necesarios ou prioritarios en función das necesidades que surxan nun centro que está vivo e en movemento.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital en primeiro lugar sera obxecto de difusión entre o claustro de profesorado do centro e será presentado ante o consello para a súa aprobación si cabe.

Mediante cartelería e a través dos titores farase vivo entre o alumnado do colexio e difundirase ao resto da comunidade educativa a través das ferramentas corporativas como a páxina web do centro.

Asimesmo constará en documentos de centro como a PXA e será obxecto de coñecemento por parte da inspección educativa.